



Suba de taxas do servizo de Axuda no Fogar

O servizo de Axuda no Fogar atende en As Pontes a unhas 100 persoas, e ten outras 30 en lista de espera; este servizo é financiado pola aportación dos usuarios/as, unha subvención da Xunta e unha achega do Concello de 160.000 euros/ano, o que supón o 1% dos gastos municipais e é menos da colaboración do Concello coa equipa de fútbol.

Agora, o Grupo de Goberno do Concello, coa excusa dunha normativa da Xunta do ano 2012, vén de aprobar unha importante suba aos usuarios/as, nunha media de 200 euros/ano, que podería ser de 270 para os/as dependentes. Como dixo o concelleiro do PSOE que defendeu a proposta: *"A máis dependencia, máis pagamento"*.

Con esta medida, que só tivo o voto en contra do BNG, o Grupo de Goberno espera recadar uns 20.000 euros, cantidade irrisoria se a comparamos cos gastos deste Concello en festas e publicidade, pero que amosa ás claras cales son as súas prioridades políticas e o fácil que se prestan ás políticas de recortes de dereitos sociais do PP.

Inactividade e Pasividade do Goberno Local

En outubro de 2009, unha veciña de As Pontes, rexistraba unha denuncia urbanística no Concello; diante da falta de resposta, viuse obrigada a presentar demanda no xulgado de Ferrol

que, en maio do 2013, fallou a favor da veciña e declarou a “*inactividade*” do Concello neste tema, polo que o Grupo de Goberno presentou recurso.

Agora, tamén o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, vén de declarar a “*inactividade e pasividade*” do Concello e obrígalle a pagar as costas (que pagaremos todos/as).

12 concelleiros/as do Grupo de Goberno, 3 deles con dedicación exclusiva –incluído Urbanismo– e 1 asesor persoal con nómina do Concello para isto.

No pobo xa é algo coñecido que máis cun Goberno Municipal temos unha Comisión de Festas e Placas, mais agora tamén queren trasladar esa imaxe máis aló de As Pontes.

Perda de 50 millóns de euros do Plano do Carbón

No ano 2013 o BNG presentou unha moción no Concello para reclamar os fondos de infraestruturas que nos correspondían do Plano do Carbón 2006-2012, e o Alcalde propuxo a vía xudicial, o que foi aprobado por unanimidade.

Agora, o Goberno Central vén contestar a unha pregunta do BNG nas Cortes, informando que o Concello de As Pontes non asinara ningún convenio; lembrar que entre o 2006 e 2010, gobernou o PSOE no Estado, por iso, que imos reclamar agora?, cal será a nosa defensa?

Onde é a Feira?: non sei, pregúntalle ao Alcalde

Os cambios de sitio da Feira terán algo que ver con que dependan da área municipal de Turismo?



--oo0oo--

Se queres recibir o Voceiro do BNG no teu correo electrónico, envíanos a túa solicitude a: aspontes@bng-galiza.org